



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > MARGARITA LEDO NO LÓPEZ FERREIRO

MARGARITA LEDO NO LÓPEZ FERREIRO

Enviado por [admin](#) [1] o Xov, 04/13/2023 - 09:34
[Biblioteca](#) [2]

Durante todo o mes de marzo, recibimos no López Ferreiro a MULLERES IMPRESCINDIBLES NA VIDA DE COMPOSTELA (Helena Villar Janeiro, Encarna Otero, Marisa Vidal...), o que, ademais de ser unha realidade, é tamén o título da proposta coa que o noso centro participa no programa *Donas de si*, coordinado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Para rematar o mes por excelencia da Muller, Margarita Ledo, chairega de nacemento pero santiaguesa de adopción, ofreceu unha conferencia ao alumnado de 6º do CEIP López Ferreiro.

Esta pioneira das artes audiovisuais, transmitiu ás nenas e aos nenos a súa paixón polo cinema como un medio expresivo para a transmisión de emocións; pero sobre todo, como un medio de reivindicación da loita das mulleres, da loita pola lingua, da loita contra a opresión...

Amosoulles, asemade, diferentes creacións súas e demostroulles que todas e todos posúen un gran potencial creativo.

No López Ferreiro aprenderemos a reflexionar e a tomar conciencia crítica a partir das súas obras. Entre elas, cun libro do que Margarita é autora e que nos deixou como agasallo: *O serrote do Gil*.

Máis información en: <https://edglopezferreiro.blogspot.com/> [3]



Feito con Drupal (ver. 6.28).



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/548>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/78>

[3] <https://edglopezferreiro.blogspot.com/>